

Xesús, quero despertarme, orando

Señor, comezamos o novo tempo de Advento, un tempo para buscar a estrela que oriente a miña vida.

Se escoitamos os maiores, os avós, que tanto saben da túa Palabra e de facer a túa vontade, dínnos que espertemos, que apuremos porque queres vir á nosa vida.

Xeremías e Xesús recórdannos: "estade en vela, estade preparados... vén o Señor".

Por iso queremos estar moi atentos para oírte cando chames suavemente á porta do meu corazón.

Que nesta primeira semana de Advento, acendamos a candeas da escoita da Palabra: confrontando a vida co evanxeo, orando, buscando momentos para pedirche, darche grazas, rezando sos e coa familia.

Así, deixáronos regar pola túa Palabra, inundando de vida a nosa casa e o mundo.

...Porque vés, Xesús, meu amigo, en Nadal



Adviento Riega tu vida y hazla crecer

Cada semana escucharemos la palabra de Dios, que nos hará crecer. Llenemos nuestro interior como se llena una regadera y movámonos a servir, haciendo el bien en nuestro mundo.

1er Domingo Lu 21,25-36

Despierta

Ayuno Oración Caridad

Cada semana iremos añadiendo piezas a nuestro árbol.

1er Domingo Lu 21,25-28:34-36

Despierta Espérrala, déjate regar por la palabra, empapa la tierra inunda de vida tu casa y tus mundos.



**ESPERTA, déixate regar pola Palabra,
inunda de vida a túa casa e o teu mundo.**

As 4 candeas de Advento

Nesta semana acendemos a **primeira candeas** do Advento, a candeas da vixilancia, da oración:


Acendemos, Señor, esta luz na nosa primeira semana de Advento. Queremos levantarnos para esperarte preparados. Queremos estar expertos e vixilantes, porque Ti nos traes a luz máis clara, a paz máis profunda e a alegría máis verdadeira. Ven, Señor Xesús!

Advento 1º



Comezo de S. Lucas

Damos inicio a un novo a un novo ciclo nas lecturas da misa, o ciclo C, con novos leccionarios. Lucas é o evangelista desta etapa. Lucas é o máis **universalista** é o evanxeo do **Espírito**. É o evangelista máis humano porque fala da **misericordia** -con parábolas propias como a do fillo pródigo-, **da infancia de Xesús**, **da Virxe María**, da **salvación**, dos **pobres**, da **alegría**, e tamén da **muller**, pois presenta un número de protagonistas femininas moi superior a todos os restantes libros do Novo Testamento... A vida cristiá, para Lucas, é o seguimento de Xesús con trazos típicos como o camiño, a vixilancia, a oración, e a alegría. *Escoitemos pois con atención o evanxeo de Lucas neste novo ano litúrxico: traeranos, luz, paz, forza, a Palabra do mesmo Deus*



• XEREMÍAS 33, 14-16: *Suscitarei a David un renovo lexítimo.*

Xa chegan días “oráculo do Señor” en que cumprerei a promesa que fixen á casa de Israel e á casa de Xudá. Naqueles días e naquela hora, suscitarei a David un renovo lexítimo que fará xustiza e dereito na terra. Naqueles días salvarase Xudá, e en Xerusalén vivirán tranquilos, e chamarana así: “O Señor é a nosa xustiza”. *Palabra do Señor.*

• SALMO 24: R/ *A ti, Señor, levanto a miña alma.*

• I TESALONICENSIS 3,12-4,2: *Que o Señor afiance os vosos corazóns, para cando veña Cristo.*

• LUCAS 21,25-28.34-36: *Estade espertos, levantádevos.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Haberá signos no sol e a lúa e as estrelas, e na terra angustia das xentes, perplexas polo estrondo do mar e a ondada, desfalecendo os homes polo medo e a ansiedade ante o que se lle vén encima ao mundo, pois as potencias do ceo serán sacudidas. Entón verán o Fillo do home vir nunha nube, con gran poder e gloria. Cando empece a suceder isto, **levantádevos, alzade a cabeza; achégase a vosa liberación.** Tende coidado de vós, non sexa que se ceguen os vosos corazóns con esmorgas, borracheiras e as inquietudes da vida, e bótese vos encima de súpeto aquel día; porque caerá como un lazo sobre todos os habitantes da terra. **Estade, pois, espertos en todo tempo, pedindo que poidades escapar de todo o que está por suceder e mantervos en pé ante o Fillo do home.**» *Palabra do Señor*



ESPERTA, déixate regar pola Palabra, inunda de vida a túa casa e o teu mundo

1. Ver: A regadeira de Advento

- Comezamos o ciclo C; é un novo tempo litúrxico, o Advento. Significa “vinda” (de Xesús). Dialogamos como preparamos a vinda de alguén importante á nosa casa e como deberíamos preparar a vinda de Xesús en Nadal.
- Durante **catro domingos**, catro semanas, preparamos a súa vinda. **No templo poñemos algúns signos ou pegadas:** a **cor morada** significa cambio de vida e arrepentimento; a **Coroa de Advento** indica o percorrido interior que imos realizando; na igrexa poucas flores por ser época de austeridade e de conversión; e os **cantos** pedindo: *Preparate o camiño ao Señor!, Ven Señor!*
- Para esta folla valerémonos dos **debuxos de Fano** cuxo lema é “**Advento, rega a túa vida e faina crecer**”. Cada semana iremos engadindo pezas á nosa árbore de Nadal, enchendo o noso interior como se enche unha regadeira e regando, servindo aos demais. A mensaxe 1º é “**esperta, déixate regar pola Palabra**”.

Tes oco como a regadeira para recibir e inclinarte para dar o que tes?

2. XULGAR: Esperta, déixate regar pola Palabra

No evanxeo deste domingo, Xesús dinos: “**estade espertos, levantádevos, achégase a vosa liberación**”... Refírese á vinda de Xesús ao final dos tempos, pero tamén á súa vinda en Nadal.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Escoitando hoxe os nosos maiores, tanto Xeremías como Xesús, nos apuran: **ESPERTÁDEVOS, levantádevos, porque Xesús está chegando!**
- *Hai xente á que todos os días lles son iguais, abúrrense. Estamos cheos de rutinas e perdemos enerxías. Os primeiros cristiáns tomaban o Advento como un tempo para esperar con alegría, un motivo para levantarse contentos porque sentían a Deus moi próximo na vida.
- ***Advento é un tempo para apurarnos porque Deus está moito máis preto.** Neste primeiro domingo collemos a lupa para descubrir a Deus presente, connosco na nosa vida, na nosa casa, na escola, no traballo?
- E a mellor forma de espertar é deixarnos **regar cada día pola Palabra de Deus.** Le o evanxeo de cada día, deixa que a Palabra inunde de vida e de luz a túa casa e o teu mundo (por certo, unha luz que non se paga), encherache de enerxía renovadora.
Que podemos facer para que Xesús regue por dentro, sexa a túa luz e túa alarma? Como mellorar a nosa oración?

3. ACTUAR: Que Xesús inunde a túa casa e o teu mundo

+**Facemos algúns preparativos para este tempo.** Organizamos a **coroa de Advento** acendendo a 1ª candeia(a de escoita da Palabra) e a **entronización do leccionario de Lucas**, ou colocamos os evanxeos nun lugar importante de casa. Oramos a carón del lendo o evanxeo de cada día e tratamos de ler a nosa vida, o que pasa no mundo desde Xesús e a súa Palabra. *Que imos facer?*